



Datos Do Expediente:

PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MRA		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/61	GOB19I00ID	
0M0Y 5406 1N1Z 525Z 08CJ		

DON ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral do CONCELLO DE NARÓN

CERTIFICA: Que o Concello Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e seis de xuño de dous mil vinte e cinco, adoptou entre outros, o acordo seguinte:

9 °.- PROPOSTA DE LEVANTAMENTO DE REPARO E RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DEPORTIVAS DO ANO 2024. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Xefa da Sección do servizo de Deportes, con data 16 de xuño de 2025, emitiu o informe que literalmente transcrito di:

“**ASUNTO:** Levantamento de reparo con efectos suspensivos e recoñecemento extraxudicial da concesión/denegación de subvencións a clubs, e entidades deportivas de ámbito municipal para o ano 2024.

ANTECEDENTES

Por Resolución da Alcaldía de data 16 de setembro de 2024 (DEP18I01RB) aprobouse as bases e a convocatoria pública de subvencións a clubs, e entidades deportivas de ámbito municipal para o ano 2024, publicadas no BOP da Coruña nº 186, do 26 de setembro de 2024.

A Intervención Xeral toma razón desta resolución con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48001, con documento contable A=220240016022.

Con data 30 de decembro de 2024 aprobouse por Resolución de Alcaldía a xustificación das subvencións concedidas a Clubs e entidades deportivas de ámbito municipal correspondente ao exercicio 2023, polo que foi imposible aprobar a concesión, e denegación das subvencións aos clubs, e entidades deportivas correspondente ao ano 2024 no mesmo ano da súa convocatoria.

Polo que tendo en conta o exposto anteriormente non foi posible a resolución do expediente que nos ocupa a 30 de decembro de 2024, último día laborable do ano en cuestión.

Na Base sétima da convocatoria establece que será a Alcaldía, a proposta do órgano instructor, e previo informe da Comisión de Valoración, o órgano competente para acordar a aprobación ou denegación das subvencións en cuestión.

Na dita Base tamén se establece que o prazo máximo para resolver, e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, período que se computará a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Na Base décima da convocatoria establece que o prazo máximo para presentar a xustificación será o día 31 de xaneiro de 2025.

Tendo en conta que a resolución do dito expediente, polo exposto anteriormente, non foi posible a 30 de decembro de 2024, este terá a súa resolución, debido aos trámites que conleva o procedemento a seguir, no exercicio 2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- RDL 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.
- Bases que rexen a convocatoria de concesión de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal aprobadas por Resolución da Alcaldía o 16 de setembro de 2024, e publicadas na **Base de datos Nacional de Subvencións** o día 20 de setembro de 2024, e no Boletín Oficial da Provincia en data 26 de setembro de 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón
- Bases de execución do orzamento prorrogado
- Informe xurídico de data 09 de agosto de 2024

A Base 15ª das Bases de execución do orzamento prorrogado, no apartado c) dispón:

“O artigo 26 do Real decreto 500/1990, establece o principio de temporalidade, engadindo como excepción as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, é dicir, os recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Enténdense polo tanto, dentro do contexto do principio de imputación temporal de créditos, por obrigas obxecto de recoñecemento extraxudicial aquelas que, xeradas en exercicios anteriores, deba ser satisfeitos a terceiros de boa fe por aplicación do principio de prohibición do enriquecemento inxusto da administración e non se deriven de compromisos de gastos debidamente adquiridos (...).”

A tramitación desta concesión de subvencións deberá cumprir co establecido, para os recoñecementos extraxudiciais de crédito, na Base 15 das Bases de Execución do orzamento prorrogado, por corresponder a unha convocatoria do exercicio 2024, que é resolta no exercicio 2025.

O órgano competente para a aprobación da concesión de subvencións a clubs, e entidades deportivas de ámbito municipal para o ano 2024, é o Pleno, por ter que tramitarse a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo aos créditos do orzamento prorrogado.

A mesma base establece:

“(...) c) (...) Noutro caso, o expediente de recoñecemento extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos. (...)”

En base ao anterior, co dito recoñecemento extraxudicial para a aprobación da concesión das subvencións en cuestión, deberá tramitarse previa o simultaneamente o correspondente expediente de modificación de crédito: suplemento de créditos, para dar cobertura ao gasto que corresponda, quedando polo tanto condicionado á aprobación, e entrada en vigor do correspondente expediente de modificación de créditos.

Con data 24 de marzo de 2025, a xefa da Sección do servizo de Deportes emite informe (DEP19I00KB), solicitando o suplemento, por expediente de modificación de créditos, da aplicación orzamentaria 3410.48001, aprobándose o dito expediente, con data 24 de abril de 2025, e entrando en vigor o 28 de maio de 2025.

Con data 03 de xuño de 2025, a Xefa da sección do servizo de Deportes, emite memoria xustificativa (DEP19I011O) indicando que a concesión/denegación de subvencións deberá tramitarse como recoñecemento extraxudicial de créditos, e previa ou simultaneamente deberá tramitarse o correspondente expediente de modificación de crédito: suplemento de créditos, para dar cobertura ao gasto que corresponda.

Con data 03 de xuño de 2025 o servizo de Deportes pasa a Intervención informe proposta, para a súa fiscalización, de recoñecemento extraxudicial de concesión/denegación de subvencións a clubs,

e entidades deportivas de ámbito municipal para o ano 2024, e cuio trámite é rexeitado por esta debido a que a memoria xustificativa presentada non contaba co “visto e prace” do concelleiro de Deportes, conforme á Base 15º das Bases de execución do orzamento prorrogado, e ademais tanto na memoria como no informe proposta figuraban erros de redacción.

Con data 13 de xuño de 2025, novamente a Xefa da sección do servizo de Deportes, emite memoria xustificativa (DEP19I015B), indicando que a concesión/denegación de subvencións deberá tramitarse como recoñecemento extraxudicial de créditos, e pasa a Intervención informe proposta para recoñecemento extraxudicial da concesión/denegación de subvencións a clubs, e entidades deportivas de ámbito municipal para o ano 2024, e cuio trámite é rexeitado debido a erros de redacción no informe proposta en cuestión.

Posteriormente, con data 13 de xuño de 2025, o servizo de Deportes remite novamente, para a súa fiscalización, informe-proposta de concesión/denegación de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal correspondente ao exercicio 2024.

A Intervención Xeral, con data 16 de xuño de 2024, emite informe (ICO19I0052) de reparo ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a concesión, e denegación de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal correspondente ao exercicio 2024 en réxime de concorrència competitiva, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación, tendo o reparo efectos suspensivos ata que sexa solventado.

O artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece: “1. Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, judicial o territorial lo hagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acuerdo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedimiento (...)”

En base ao anterior, e tendo en conta que non foi posible a resolución do expediente no exercicio 2024 polo motivo exposto, e tendo en conta o ditame da Comisión de Valoración, a funcionaria que subscribe, Marina Sueiras Rodríguez, Xefa da Sección do Servizo de Deportes, propón á Alcaldía para que se someta a ditame da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas, para posteriormente elevar ao Concello Pleno:

1.- Avocar a competencia delegada na Alcaldía do Concello de Narón para elevar á Xunta de Contratación, Persoal e Especial de Contas, a proposta de levantamento de reparo con efectos suspensivos e recoñecemento extraxudicial da concesión/denegación de subvencións a clubs, e entidades deportivas de ámbito municipal para o ano 2024.

2.- Levantar o reparo con efectos suspensivos ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a concesión/denegación de subvencións municipais a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal para o ano 2024, en réxime de concorrència competitiva.

3.- Aprobar a asinación, e a contía a xustificar, ás entidades, e clubs que de seguido se relacionan, tendo en conta a información que obra no expediente acreditativo cumprimento de todos os requisitos necesarios, das seguintes subvencións, con cargo á partida 3410-48001, ascendendo a contía total concedida a 59.868,21 €.

Nº Rexistro Aupac	ENTIDADE /CLUB	C.I.F.	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	IMPORTE A XUSTIFICAR
DEP/2024/68	Club Ciclista Narón	G70401328	5.168,07	27.484,56
DEP/2024/69	Club Baile Deportivo un paso adelante	G01904416	2.146,19	11.700,00
DEP/2024/70	SCRD Scalextric de Ferrolterra	G15648017	2.179,24	7.930,00
DEP/2024/71	Club de Baile Fusión Dance	G09774415	1.063,26	6.930,00

DEP/2024/72	Club Hockey Narón	G72896186	768,43	14.227,17
DEP/2024/73	Club Pesca Deportiva Surfcasting Narón	G70593157	1.059,98	8.941,89
DEP/2024/74	SDCR Narón O Freixo	G15395791	20.194,31	56.300,00
DEP/2024/75	Club Círculo Xadrez de Narón	G15227556	1.847,55	10.000,00
DEP/2024/76	Club Fútbol Sala Narón	G15453467	5.454,53	20.340,00
DEP/2024/77	Agrupación Deportiva Judo Ferrolterra	G15957756	6.500,00	31.480,00
DEP/2024/78	Club Deportivo 21 Leguas	G09612169	785,69	8.039,30
DEP/2024/79	Club de Padel Narón	G70082045	5.782,87	14.524,66
DEP/2024/80	Unión Colombofila Mariñas Altas	G15269376	739,81	5.732,17
DEP/2024/81	Club Pasa ou Entorna	G70512967	443,85	3.469,21
DEP/2024/82	Club Deportivo Estrella A Solaina	G19820869	4.431,57	32.380,00
DEP/2024/83	Club Cazadores A Faisca	G15625445	1.302,86	7.232,78

TOTAL SUBVENCIONS CONCEDIDAS	59.868,21
-------------------------------------	------------------

Faise constar que a entidade con número de expediente DEP/2024/77 Agrupación Deportiva Judo Ferrolterra, aínda que por baremo lle corresponde a cantidade que se sinala a continuación, esta aminorase xa que a contía solicitada, na solicitude de subvención, presentada pola entidade é de 6.500,00 €

DEP/2024/77- Agrupación Deportiva Judo Ferrolterra – segundo o baremo, correspóndenlle 6.631,78 €.

Nº Rexistro Aupac	ENTIDADE / CLUB	C.I.F.	IMPORTE SUBVENCIÓN POR BAREMO	ORZAMENTO PRESENTADO ENTIDADE	CANTIDADE MÁXIMA SUBVENCIÓN	CONTÍA SOLICITADA
DEP/2024/77	Agrupación Deportiva Judo Ferrolterra	G-15957756	6.631,78	31.480,00	15.740,00	6.500,00 €

Así mesmo tamén faise constar que a mencionada entidade presentou a solicitude de subvención a través do gob.es, expoñendo nesta que “(...) por problemas de la página del Ayuntamiento ajeno a esta parta y que conllevan la imposibilidad de presentar en sede electrónica del Concello la solicitud para la subvención se tenga por presentada en plazo dicha subvención ante el organismo al que me dirijo y por enviados todos los documentos obligatorios de dicha subvención”

En relación con esto, e debido a que a documentación non foi presentada a través da Sede Electrónica Municipal, o servizo non ten capacidade para comprobar se a dita solicitude foi asinada polo presidente da entidade, e polo tanto se cumpre co apartado 5.2.1 das bases que rexen esta convocatoria, polo que se lle solicita información ao respecto ao Departamento de Administración, e Xestión de Servizos Dixitais, o cal con data 23 de decembro de 2024 emite informe (ZAA18I004F) no que conclue que “(...) o poder de representación queda perfectamente demostrado ao realizarse dita presentación mediante un certificado de representación vixente, xa que este otorga plenos poderes ao titular do cerficado sobre a entidade que representa”.

4.- Recoñecer a obriga de gasto dos importes inferiores a 3.000.00 €, con carácter de anticipo prepagable a xustificar, xa que dada a información que obra no expediente, non foi ditada resolución declarativa da procedencia de reintegro de subvención ou perda do dereito ao cobro da mesma, por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, nin foi acordada polo órgano concedente da dita subvención, como medida cautelar, a retención de liberamentos de pago das cantidades pendentes de abonar aos beneficiarios da citada subvención, ás entidades relacionadas a continuación:

Nº Rexistro Aupac	ENTIDADE /CLUB	C.I.F.	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	IMPORTE A XUSTIFICAR
DEP/2024/69	Club Baile Deportivo un paso adelante	G01904416	2.146,19	11.700,00
DEP/2024/70	SCRD Scalextric de Ferrolterra	G15648017	2.179,24	7.930,00
DEP/2024/71	Club de Baile Fusión Dance	G09774415	1.063,26	6.930,00
DEP/2024/72	Club Hockey Narón	G72896186	768,43	14.227,17
DEP/2024/73	Club Pesca Deportiva Surfcasting Narón	G70593157	1.059,98	8.941,89
DEP/2024/75	Club Círculo Xadrez de Narón	G15227556	1.847,55	10.000,00
DEP/2024/78	Club Deportivo 21 Leguas	G09612169	785,69	8.039,30

DEP/2024/80	Unión Colombofila Mariñas Altas	G15269376	739,81	5.732,17
DEP/2024/81	Club Pasa ou Entorna	G70512967	443,85	3.469,21
DEP/2024/83	Club Cazadores A Faisca	G15625445	1.302,86	7.232,78

5.- Aprobar como recoñecemento extraxudicial a concesión/denegación de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal que se relacionan no punto 3.- desta proposta, por importe de 59.868,21 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410-48001.

Para dar cobertura a este gasto, aprobeuse, con data 24 de abril de 2025, o expediente de modificación de crédito nº 05/2025: subexpediente nº 01/2025 de crédito extraordinario, e suplemento de crédito (PRE/2025/10).

6.- Ampliar o prazo de resolución, e notificación do procedemento ata o 31 de outubro de 2025 debido á imposibilidade de cumprimento do prazo que figura na base sétima, punto 7.1.11, das bases que rexen a convocatoria pública das ditas subvencións.

7.- O prazo máximo para presentar a xustificación da subvención concedida será dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación do acordo de concesión.

8.- Os beneficiarios dispoñerán dun prazo de 10 días dende a notificación da resolución da concesión da subvención para a aceptación desta. Transcorrido o dito prazo, sen que se produza manifestación algunha expresa, entenderase tácitamente aceptada

9.- Denegar a subvención ao Melmac Rally Factory, CIF- G70583414 (**DEP/2024/67**), por incumprimento do sinalado no apartado 4.1 das bases que rexen a presente convocatoria, que literalmente di: *“Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón cos datos actualizados, no momento de presentar a solicitude (...)”*. En relación co exposto, e visto o informe emitido pola Xefa de Organización do Concello de Narón, con data 24 de outubro de 2024, o dito club en cuestión non estaba actualizado no dito rexistro de asociacións na data na que presentou a solicitude de subvención.

10.- Denegar a subvención ao Club de Tiro Olímpico El Castro, CIF- G15200611 (**DEP/2024/84**), por incumprimento do sinalado no apartado 4.1 das bases que rexen a presente convocatoria, que literalmente di: *“Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón cos datos actualizados, no momento de presentar a solicitude (...)”*. En relación co exposto, e visto o informe emitido pola Xefa de Organización do Concello de Narón, con data 24 de outubro de 2024, o dito club en cuestión non estaba actualizado no dito rexistro de asociacións na data na que presentou a solicitude de subvención.

12.- Facultar á Alcaldía para a realización de cantos trámites se deriven deste acordo”

Logo de ver dito informe, esta Alcaldía propón á Xunta de Contratación, Persoal e Especial de Contas:

1º.- Ditaminar favorablemente a proposta transcrita nos seus propios termos.

E visto o ditame favorable por maioría (coas 3 abstencións dos membros do PP; e os votos a favor de Tega -5-; BNG -2- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 19-06-2025, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

E para que conste e surta efectos, esténdese a presente certificación, facéndolle constar que a acta onde se recolle o acordo anterior está pendente de aprobación, en Narón, a 27 de xuño de 2.025

V.e pr.